



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE ZAS

Número 14 /2020

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES ÁS TORRES DO ALLO E OUTRAS ACTIVIDADES, ANO 2020

Na Coruña, o 17 de xaneiro de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña en representación da Deputación Provincial da Coruña e

Doutra D. Manuel Muíño Espasandín, Alcalde-Presidente do concello de Zas, en representación do Concello de Zas

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

EXPOÑEN

- 1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor das Torres do Allo.
- 2.- O Concello de Zas leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión das Torres do Allo, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis cercano o patrimonio á xente.
- 3.- O Concello de Zas quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na xestión das Torres do Allo.
- 4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Zas acordan subscribir o presente convenio, según as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Zas, CIF: P-1509400-F por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Zas, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AS TORRES DO ALLO E OUTRAS ACTIVIDADES:

- Dar uso turístico ás Torres do Allo dentro dunha estratexia municipal e provincial.
- Impulsar o uso educativo e didáctico das Torres.
- Implicar á poboación local na posta en valor dos edificios e conectalos coa realidade da contorna

ACTIVIDADES NAS TORRES DO ALLO	
NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO PAZO DAS TORRES DO ALLO. De xaneiro a decembro de 2020
TEMPORALIZACIÓN	Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Atención ao público durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se os demandaran.
Comunicación e promoción	Elaboración dun programa de comunicación (web, xestión de redes sociais, Social Media Plan e Plan de medios).
Creación de espazo didáctico	Desenvolvemento de actividades e obradoiros didácticos. Promoción e xestión de reservas dos centros educativos e de ensino.
Actividades de animación	Organización de varias actividades de animación relacionadas co Pazo: charlas divulgativas, presentacións de libros, actividades de lecer no Pazo...

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE ZAS.

ACTIVIDADES DE ATENCIÓN AO VISITANTE

Obxectivos:

- Facilitar o acceso do público ao recinto das Torres do Allo
- Orientar aos visitantes durante o seu percorrido polo pazo e espazos asociados.
- Facilitar aos visitantes folletos e información turística e cultural sobre as Torres do Allo e a súa contorna (Costa da Morte)
- Controlar o axeitado tránsito polo inmovible do público visitante.
- Prestar servizos a grupo visitantes
- Xestionar reservas
- Realizar visitas guiadas a todo tipo de público (escolares, turistas, grupo organizados...)
- Facilitar a información ao público visitante en galego, castelán e inglés. A persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes idiomas.
- Redactar mensualmente informes de xestión para dar conta dos resultados de público visitante.

Características técnicas do servizo:

- Nº Total de días de apertura: 182 días.
- Horas de apertura: 1558 horas.
- Horario de apertura: variará en función da tempada.
 - Do 1 de xaneiro ao 15 de xuño (salvo Semana Santa) abrirase os sábados, domingos e festivos de 11:00 a 19:00 horas.
 - En Semana Santa abrirase de 11:00 a 20:00 horas
 - Do 15 de xuño ao 15 de setembro, abrirase de luns a venres de 11:00 a 20:00 horas, e sábados e domingos de 11:00 a 21:00 horas.

- Do 16 de setembro ata o 30 de decembro, abrírase, os fins de semana e festivos de 11:00 a 19 horas.
 - Torres do Allo permanecerá pechado os días 1 de xaneiro, 24, 25 e 31 de decembro de 2020.
- Visitas guiadas: Realizaranse visitas 2 visitas guiadas ao día abertas para todos os públicos. Tamén se poderán realizar reservas para grupos fora dos horarios de visita regular.
 - Informe mensual: Mensualmente redactaranse informes de xestión para dar conta dos resultados de público visitante, actividades realizadas, eventos, etc

ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

Obxectivos:

- Elaborar un programa de comunicación e promoción mediante os seguintes instrumentos:
- ✓ Implementación do manual de Identidade corporativa
- ✓ Xestión e mantemento da web das Torres
- ✓ Social Media plan
- ✓ Plan de medios
- Dar a Coñecer as Torres do Allo como recurso turístico de Zas e de toda a Costa da Morte.
- Levar a cabo unha labor didáctica orientada a escolares, ca á poboación local e cara o resto de visitantes procurando que eses mesmos fagan tamén unha labor de divulgación do recurso.
- Implicar á poboación local para que sexa partícipe do recurso e axude a impulsar programacións conxuntas.
- Divulgar o recurso e os seus contidos a través de diferentes ferramentas.
- ✓ Web das Torres do Allo
- ✓ Web do Concello de Zas
- ✓ Prensa e medios de comunicación
- ✓ Material impreso
- ✓ Mailings
- Realizar extratexias de divulgación e comunicación entre os diferentes públicos obxectivos das Torres:
- ✓ Profesionais da hostalaría de Zas
- ✓ Poboación de Zas
- ✓ Poboación de hostalaría da Costa da Morte e áreas limítrofes
- ✓ Puntos de información turística e museos
- ✓ Centros educativos da provincia e asociacións
- ✓ Axencia de viaxes e touroperadores

Programas de Actuación e Accións

-Medios impresos tradicionais: Enviarase cada luns unha nota de prensa aos medios de información tradicionais para xerar impactos na prensa escrita da comarca e de todo Galicia. Será documento coas actividades, datos, horarios de apertura e datas detalladas, acompañado de material gráfico de gran calidade para que poida ser utilizado nos xornais de papel. Farase así mesmo provisión de toda noticia aparecida en relación a Torres do Allo nos medios impresos co gallo de elaborar unha memoria anual de impactos en medios.

- Redacción e envío semanal de nota de prensa.
 - Retoque fotográfico e envío de material gráfico de alta calidade.
 - Memoria anual de impactos en medios impresos.
- Medios Dixitais 2.0.
 - Elaboración de contidos específico para prensa online.
 - Indexado e enlace a artigos con referencia a Torres do Allo
 - Redes Sociais

- Publicación de varias informacións semanais en Facebook.
 - Publicación regular de fotografías en Instagram.
 - Revisión de promoción de comentarios positivos en TripAdvisor e Google+.
 - Edición de vídeos para redes sociais. Apertura de cartafol en Pinterest de fotografías do Pazo.
- Televisión, radio e produtoras audiovisuais: Para acadar unha maior presenza das Torres do Allo nos medio audiovisuais manterase contacto coa Televisión de Galicia, televisións locais, Radio galega e emisoras da comarca.
- Contacto para a realización de entrevistas e reportaxes en medios televisivos.
 - Contacto para a realización de entrevistas en radios.
 - Envío de foto e videobook ás produtoras de cine e series de televisión para promocionar Torres do Allo como localización cinematográfica.

PROGRAMA DIDÁCTICO

Obxectivos:

-
- Implicar á comunidade escolar nunha actividades de aprendizaxe interactiva.
 - Procurar novos públicos a través da realización de obradoiros específicos: obradoiros familiares, xubilados...
 - Renovar o interese da comunidade local a través da realización de actividades participativas.
 - Fomentar o traballo en equipo e a colaboración entre o público escolar.
 - Desenvolver destrezas entre os nenos como a psicomotricidade, a empatía, toma de decisións, capacidade de planificación, creatividade...
 - Promover un sentimento de aprecio e respecto polo patrimonio cultural

Programas de Actuación e Accións

- Tour didáctico: Os grupos de público escolar adoitan reservar as súas saídas en función da calidade e variedade das actividades ofertadas polos centros que visitan. Si se pode combinar diferentes actividades como unha visita guiada e un obradoiro didáctico a experiencia resultará máis enriquecedora e interesante desde o punto de vista didáctico. Con este obxectivo deseñárase unha oferta específica que itinerario didáctico para realizar nas Torres do Allo. As accións que se realizarán son as seguintes:

- Deseño de itinerario e contidos para realizar unha visita escolar.
- Deseño e impresión de invitacións para incentivar o retorno.

-Obradoiros didácticos: A visita didáctica ao monumento complementarase coa realización dun obradoiro nos que os nenos e nenas aprenderán cousas relacionadas cos oficios que había no pazo, coa súa historia, e coa súa riqueza natural e cultural. Para elo deseñáranse varios talleres didácticos apropiados a cada tramo de idade: infantil, primaria e secundaria. As accións previstas para os obradoiros didácticos son:

- Deseño de obradoiros específicos para cada idade: infantil, primaria e secundaria.
- Deseño de cartaces e material promocional.
- Promoción e envío de información a centros educativos.

- Compra de materiais para a realización dos obradoiros.

-Dossier escolar e cartafol escolar: Para que a visita didáctica a Torres do Allo sexa algo máis que un día de desfrute e contacto coa natureza e o patrimonio da nosa terra, elaborárase un dossier escolar que oriente ao corpo docente e directivo dos centros de ensino no máximo aproveitamento da visita. Este cartafol conterá, ademais de toda a información práctica relativa á oferta de actividades para escolares, unhas unidades didácticas expresamente confeccionadas para tirar todo o proveito posible da visita ao Pazo do Allo.

- Deseño de unidades didácticas adaptadas a cada idade escolar.
- Deseño de cartafol escolar promocional.
- Envío de información a centros educativos.

-Xestión de reservas: Para garantir o funcionamento eficaz do programa educativo das Torres do Allo realizarase unha campaña de comunicación para os centros de ensino. Farase tamén un seguimento e xestión directa das reservas feitas polos centros de ensino coa intención de optimizar a dispoñibilidade do espazo e os recursos destinados para tal efecto. Neste sentido as accións son:

- Recepción de correos e atención telefónica.
- Contacto directo e personalizado co profesorado.

-Rede educativa: De cara a incrementar a visibilidade de Torres do Allo aproveitarase a existencia de circuitos e programas didácticos impulsados por diversas administracións, tanto provincial como autonómica, para tramitar a posibilidade de que o pazo poida ser incluído nos mesmos. As accións contempladas para este programa son:

- Análise e diagnose dos programas educativos das Administracións Públicas.
- Solicitude de participación nos programas educativos da Deputación da Coruña.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Obxectivos:

-
- Enriquecer a experiencia da visita e implica a poboación local no mantemento do patrimonio.
 - Organizar actividades culturais e lúdicas no Pazo .
 - Organizar charlas divulgativas e presentación de libros.
 - Organizar visitas teatralizadas para colexios e visitantes.
 - Implicar o tecido asociativo municipal para que participen activamente no desenvolvemento das actividades culturais organizadas desde o concello
 - Implicar as artesanías locais para que desenvolvan actividaes de presentación dos seus produtos no Pazo.

Accións previstas:

-
- **Deseño e organización de exposicións temporais:** Torres do Allo conta con varios espazos ideais para albergar pequenas exposicións temporais relacionadas co patrimonio artístico, histórico e etnográfico que rodea ao monumento. A antiga sala se almacenaba o gran das colleitas é un

espazo que permanece infrautilizado a maior parte do ano, empregándose ocasionalmente como salón de actos. Algo semellante ocorre coa dependencia da Torre Nueva situada na planta baixa, que pode servir de escenario ideal para exposicións temporais en determinadas épocas do ano. Para 2020 proxéctase a realización de **unha exposición temporal**, que se inaugurará o 30 de abril. Leva por título: “A Brandomil Romana”.

- **Room escape “O novo secreto do Pazo”:** Seguindo unha das tendencias con máis repercusión no ocio adulto dos últimos anos como son as Room Escape, no 2020 realizarase unha adaptación deste tipo de xogos para Torres do Allo titulado **“O novo segredo do Pazo”, activo desde o 1 de xullo e para realizar nas fin de semanas**. Trátase dunha actividade lúdica en grupos reducidos que, encerrados nun espazo pechado, teñen que resolver un misterio para poder saír nun tempo determinado. Neste caso, o conxunto históricoartístico de Torres do Allo actuará de gran espazo de xogo no cal estarán repartidas unha serie de pistas necesarias para poder escapar. Esta actividade pretende captar a un público adulto e mozo que mostra un grande interese por este tipo de propostas. Un tipo de público que comenta a experiencia cos seus contactos dixitais, xerando un fluxo de comunicación importante a través das redes sociais e repercutindo na visibilidade do monumento en sectores de poboación aos que ás veces é difícil chegar con propostas clásicas. Logo do éxito da campaña do ano 2018, e 2019, neste 2020 daremos unha volta ao guión, e crearemos un novo xogo.
- **Organización e deseño de actividades para o día do xogo tradicional:** Aproveitando que o día 23 de maio celébrase tódolos anos o Día Internacional do Xogo Tradicional celebrarase un evento no que o xogo será o centro. Os obxectivos serán poñer en contacto aos maiores de Zas cos máis cativos e cativas, e os o saberes tradicionais coas novas xeracións. Fundamentalmente consistirá nun día enteiro orientado á participación activa do público na realización de diversos xogos tradicionais e no que os avós axudarán a explicar como se xogaba ou cales eran as regras.
- **Cuarta edición do concurso fotográfico: “Enfoques do Allo”:** A partir do día 15 de xullo e ata o 31 de agosto **de 2020** farase unha cuarta edición do concurso de fotografía co móbil “Enfoques do Allo”. O obxectivo con esta iniciativa será enganchar cun amplo universo de público de tódalas idades e así xerar un efecto multiplicador a través da publicación das fotografías nas redes sociais e do impacto nos medios clásicos como radio e prensa. A celebración do concurso permitirá ademais crear e aumentar os fondos de material gráfico de Torres do Allo o cal redundará no aforre de custes para folletería, publicacións online, notas de prensa...
- **Visitas teatralizadas.** Como ven sendo habitual e debido ao éxito de público e crítica que obtemos, contaremos coas visitas teatralizadasdo durante os **días 9,16,23,30 de agosto**.
- **Festa de San Ramón. Pequeno mercado tradicional:** Un dos elementos importantes no programa de eventos e actividades das Torres do Allo para o 2020 será a recuperación da Festa do San Ramón, **o día 31 de agosto**, logo do éxito da súa primeira edición o ano pasado. Unha celebración que deixou de facerse hai anos pero que aínda constitúe un referente para os veciños. Volver a ofrecer na entrada do pazo un lugar onde celebrar un día tan querido pola veciñanza será fundamental para dinamizar culturalmente unha tradición que corre o risco de perderse co paso do tempo. A actividade consistirá en crear un pequeno mercado de produtos locais e artesanais na zona do aparcamento e no adro do pazo para que, despois dos actos relixiosos, as persoas poidan ir ás Torres a continuar coa celebración. Todo isto complementarase cunha actuación de música tradicional.
- **Cuarta edición do ciclo de conferencias: “Monografías do Allo”:** Nestas xornadas procúrase atraer a un tipo de público máis esixente e interesado no patrimonio histórico-artístico do pazo e da

Costa da Morte. A terceira edición das “monografías do Allo” celebrárase o 28 de novembro de 2020 e contarase cos mellores expertos nas propias Torres do Allo e no Patrimonio Cultural da bisbarra.

- Magosto e Samaín 2020: O día 1 novembro de 2020, durante a estación de outono celebrárase un magosto popular na contorna do pazo. Aproveitando o magnífico souto que se atopa a carón do pazo, que en tempos formou parte indispensable da súa actividade produtiva, organizarase unha xornada festiva na que se dará conta previamente da importancia que tiña o bosque de castiñeiros para as persoas que vivían no e para o Pazo do Allo. Castañas, viño, lume, música, un día para a celebración da natureza e a cohesión da comunidade. Unha actividade que estará dirixida á veciñanza de Zas para compartir os froitos da terra.

Organización:

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Cultura, Emprego e Desenvolvemento Local.

O concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de Atención ao visitante, mediante a organización de charlas, xornadas temáticas, presentación de libros e actividades de tipo cultural e lúdico. Todo isto co obxectivo de converter o Pazo nun punto de atención cultural de referencia.

TERCEIRA: DISPOSICIÓN COMÚN:

O Concello de Zas fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña aboará ao Concello de Zas a cantidade de **61.000,00 euros** en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes as Torres do Allo e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2020 ata o 31 de decembro de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3363/22609** e con arranxo ao seguinte desglose:

PERIODO	DENDE O 1 DE XANEIRO ATA 31/12/2020	
Orzamento		
Recursos humanos. Atención ao público visitantes		
1558horas-14,50euros/hora		22.591,00 €
Plan de comunicación		
2.250 euros/ trimestre		9.000,00 €
Programa didáctico		4.500,00 €
Actividades de animación		14.322,22 €
• Exposición temporal		2.500,00 €
• Room Escape		2.000,00 €
• Xogo do día tradicional		909,44 €
• Enfoques do Allo		1.250,00€
• Festa de San Ramón		2.783,00 €
• Monografías do Allo		750,00 €
• Samaín e Magosto		1.650,00 €
• Visitas teatralizadas		2.479,34€
TOTAL		50.413,22 €
IVE		10.586,78 €
SUMA TOTAL CON IVE		61.000,00 €

QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Zas a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Deberá xustificar os gastos anualmente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito ano, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Zas.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Zas deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolvan nas Torres de Allo non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de Zas traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

1.O prazo de vixencia do presente convenio exténdese dende o 1 de xaneiro de 2020 e finalizará o 31 de marzo do 2021.

2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2020, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 612 de data 13 de xaneiro de 2020.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA. PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE ZAS.
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ZAS

Asdo.: D. Valentín González Formoso

Asdo.: D. Manuel Muíño Espasandín

O SECRETARIO
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA

